

## **Lei 2/1986, do 10 de decembro, de prórroga no réxime de arrendamentos rústicos para Galicia**

### Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 58, do 27.9.1986.

Acordo de tramitación polo procedemento de lectura única, DSPG núm. 27, do 7.10.1986.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 30, do 21.10.1986.

### Publicación:

*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 75, do 3.11.1986.

*Diario Oficial de Galicia* núm. 243, do 15.12.1986.

*Boletín Oficial del Estado* núm. 35, do 10.2.1986.

## **Lei 2/1986, do 10 de decembro, de prórroga no réxime de arrendamentos rústicos para Galicia**

Pola Sentencia do Tribunal Constitucional 182/1992, do 16 de novembro, desestimouse o recurso de inconstitucionalidade, promovido polo Goberno da nación, contra o artigo único da Lei 2/1986.

A partir do ano 1935, en que o poder central promulgou a primeira Lei especial en materia de arrendamentos rústicos, prodúcense en Galicia distorsións no pacífico réxime arrendatario, regulado ata o de entón e primordialmente por usos e costumes.

Por iso se fai imprescindible que o Parlamento galego, xurdido das previsións contidas no título primeiro do Estatuto de Autonomía, e en uso das competencias que á Comunidade Autónoma lle outorga o artigo 27.4 do mesmo, acometa a elaboración dunha nova lexislación sobre a materia que lle devolva ó noso campo a súa produtividade —reducida polo gran número de terras deixadas a monte— e a paz social ás veces tinguída polas tirantes relacións entre propietarios e colonos.

A transcendencia deste labor demanda, sen embargo, que se proceda con prudencia, desvenellándoo de todo interese inmediato e sen acudir a ensaios ou probas que, por non estaren suficientemente contrastadas coas

inquietudes e necesidades que debe satisfacer, desvirtúen as lexítimas expectativas e esperanzas do medio rural.

Por outra banda, hai razóns de urxencia e oportunidade que non permiten demoras e de aí a conveniencia de acudir con disposicións concretas a manter situacións ou dereitos que xa entraron a formar parte destas expectativas e que, por teren prazos preclusivos, deben ampliarse ata que entre en vigor a nova normativa.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de prórroga no réxime de arrendamentos rústicos para Galicia.

### **Artigo único**

A regra 3.<sup>a</sup> da disposición transitoria primeira da Lei 83/1980, do 31 de decembro, de arrendamen-

tos rústicos, entenderase prorrogada e vixente, no ámbito da Comunidade Autónoma, ata o 31 de decembro de 1988.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 1986

Xerardo Fernández Albor  
Presidente

Disposición derradeira

A presente Lei entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.